



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Expte: 2025/G007/000005

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dezoito de febreiro de dous mil vinte e cinco, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 59 de data 17 de febreiro/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### 1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 19.11.2024 (ORDINARIA) E 11.02.2025 (EXTRAORDINARIA).-

O alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións de 19.11.24 e do 11.02.2025 quedan aprobadas sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### 2º.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/\*1, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/X999/000016.-

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

#### APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/1

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2025/1 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 4 facturas ascende á cantidade de CENTO NOVE MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (109.056,80 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21,

apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

**PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2025/1 por importe bruto de 109.056,80 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) ”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X999/000016).**

**3º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO: LICENZA DE REORGANIZACIÓN DE PARCELAS, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2024/U007/000012.-**

**“Proposta de Alcaldía para Licenza de Reorganización de Parcelas.**

**Expte 8/2024 Tedec 2024/U007/000012**

.- Expte. de parcelación (exp. 08/2024).- [REDACTED] (representado por [REDACTED]) - Para licenza de **reorganización de parcelas (segregación e agrupación)** sitas no Lugar O Graño, parroquia de Valdoviño, no Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de reorganización de parcelación realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Esteban García Alonso, de data novembro de 2024.

As parcelas obxecto deste proxecto teñen as referencias catastrais nº15088A020000800000HQ, 9788701NJ6298N0001TM y 15088A020002590000HH.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SOLO	SUPERFICIES PARCIAIS	
PARCELA RESULTANTE A	11.344 m <sup>2</sup>	Solo Rústico	11.344 m <sup>2</sup>	
PARCELA RESULTANTE B	1.838 m <sup>2</sup>	Solo Urbano	Sup. Parcela Bruta	438 m <sup>2</sup>
			Sup. Parcela Neta	438m <sup>2</sup>
		Solo Rústico	Sup Cesión viales	----
			Sup. parcela	1.400 m <sup>2</sup>

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 11 de febreiro de 2025**, no que conclúe que o proxecto de reorganización de parcelas é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 12 de febreiro de 2025**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licenza de parcelación a [REDACTED] para a **reorganización de parcelas (segregación e agrupación)** sitas no **Lugar O Graño**, parroquia de Valdoviño, no Concello de Valdoviño, nas parcelas con referencias catastrais nº15088A020000800000HQ, 9788701NJ6298N0001TM y 15088A020002590000HH, segundo a documentación presentada e coas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data **11 de febreiro de 2025**, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **434,88 €**.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

**/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U007/000012).**

#### **FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local aproba en votación ordinaria e por unanimidade a súa inclusión fora da orde do día por maioría dos seus membros, en aras de axilizar o expediente e a súa tramitación motivado nos prazos do mesmo.

**.- APROBACIÓN DO GASTO DERIVADO DAS COSTAS DE SOSTEMENTO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL CORRESPONDENTES AOS EXERCICIOS 2024, 2023 E COMPENSAR A CUOTA DO EXERCICIO 2021, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/G003/000058.-**

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

A Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol constituíuse en xuño de 1971 cos concellos de Ares, Mugardos, Fene, Neda, Narón e Ferrol, aos que máis tarde, en 1977, se incorporou o concello de Valdoviño, no ano 2010 Cedeira e xa finalmente no ano

2012, Cabanas, ata formar unha entidade supramunicipal que abarca unha poboación de 160.000 habitantes.

Dende a súa creación a Mancomunidade serviu como punto de encontro no que os representantes municipais analizaron conxuntamente a problemática local dende unha perspectiva comarcal e planificaron solucións comúns. Ademais de ser unha ferramenta de coordinación, a Mancomunidade foi creada co cometido de desenvolver competencias en diferentes materias recollidas nos seus estatutos, tales como: xestión de residuos sólidos urbáns e outros residuos inertes, limpeza e vixiancia de praias, servizo contra incendios, transporte de viaxeiros, servizos sociais, policía local e protección civil, sanidade e consumo, programacións específicas en materia cultural e deportiva, programación específica no ámbito da muller, promoción económica e emprego,...

O artigo 19 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol establece a existencia dunha cota fixa e obligatoria para cada exercicio económico a aboar polos concellos que integran a Mancomunidade.

Tendo en conta a importancia de mancomunar servizos, co fin de reducir os custos que xera a prestación dos mesmos por cada concello, é preciso que se fomente a labor efectuada dende a Mancomunidade. Para un adecuado funcionamento da mesma e é preciso que os Concellos cumpran a súa obriga de satisfacer a cota fixa que lles corresponde segundo o establecido nos estatutos.

Mediante resolución de Presidencia de data 8 de marzo de 2024, a Mancomunidade aprobou o importe das cotas fixas dos concellos membros así como as cotas pendentes á mancomunidade (a 4 de marzo de 2024). Conforme a este acordo, o importe da liquidación correspondente ao Concello de Valdoviño das cotas pendentes a liquidar ascenden a **198.342,86 €** segundo o seguinte desglose:

Cota ano 2024	Cota ano 2023	Cota ano 2022	Compensación 2021	Total requerido
95.882,35 €	67.372,44 €	57.169,44 €	-22.081,37 €	198.342,86 €

Á vista do anteriormente exposto esta alcaldía propón que sea adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o gasto derivado das cotas de sostemento da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol correspondentes aos **exercicios 2024, 2023 e compensar a cuota do exercicio 2021** polo que o importe líquido ao que ascenden as cotas a aprobar é de **CENTO CORENTA E UN MIL CENTO SETENTA E TRES EURO CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (141.173,42 euros)**, con cargo á aplicación orzamentaria 920.46301.

**SEGUNDO.- Notificar** o presente acordo á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a súa debida constancia e efectos oportunos.

En Valdoviño, na data de sinatura electrónica

O alcalde  
Asdo.: D. Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/G003/000058).**

**4º.-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*